

ESTATUTOS

COMUNIDADE VECIÑAL:

"COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN DE RIBADELOURO".

CONCELLO: "TUI"

CAPÍTULO I

DISPOSICIONES XERAIS

ARTIGO 1.- Os presentes estatutos, teñen por obxecto regular ao abeiro da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común (DOG nº 202, do 20-10-1989), do Decreto 260/1962, de 4 de setembro, que a desenrola (DOG nº 186 do 23-09-1992), da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia (DOG nº 124 do 29-06-2006) e da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG nº 140 do 23-7-2012) a organización, disfrute e aproveitamento do monte veciñal en man común denominado "Montes de Ribadelouro", clasificado por resolución do Xurado Provincial de Pontevedra, con data 19 de novembro de 1981, e pertencente aos veciños da Parroquia de Ribadelouro, del Concello de Tui.

ARTIGO 2.- As normas contidas nos presentes Estatutos inspíranse nos usos e costumes tradicionais observadas para regulalo aproveitamento e disfrute dos referidos montes. Sen embargo si se demostrase a existencia de usos e costumes no recollidas nos mesmos, respetaránse e poderase pedir por calquera parte interesada a súa inclusión nos presentes Estatutos, unha vez probada, na súa debida forma, a súa tradicional observanza na parroquia como marco no que se establece, de conformidade co disposto polo Estatuto de Galicia e lexislación de Montes.

CAPÍTULO II

CONDICIÓN DE COMUNEIRO

ARTIGO 3.- Compoñen a comunidade veciñal, sen asignación de cotas, as persoas que teñan a condición de comuneiro segundo o establecido no seguinte artigo.

ARTIGO 4.- Terán a condición de veciños comuneiros, as persoas titulares de unidades económicas, produtivas ou de consumo, con casa aberta e residencia habitual independente dentro das entidades de poboación ás que está adscrito o aproveitamento do monte.

Non poderá eximirse o cumprimento do requisito de residencia habitual salvo causas xustificadas, e sen que dita exención poida superar os dous meses en cada ano natural.

ARTIGO 5.- Os membros de cada casa aberta designarán de entre eles quen deberá representala na Asemblea Xeral, que deberá ser maior de idade e reunir os requisitos do artigo anterior. A todos os fins de participación na comunidade, a cualidade de veciño comuneiro será exercida por dita persoa.

ARTIGO 6.- Considerarase un só comuneiro por cada casa aberta. A simple inclusión na relación de veciños comuneiros, que deberá estar aprobada pola Asemblea Xeral, e que figurará no correspondente libro de rexistro, é suficiente para acreditar os dereitos como tal.

ARTIGO 7.- Para asistir á Asemblea Xeral, un comuneiro poderá delegar a súa representación noutro comuneiro, sen que ningún poida asumir máis dunha delegación. En todo caso, a delegación deberá ser expresa para cada Asemblea Xeral e formalizada por escrito.

CAPÍTULO III

ADQUISICIÓN DA CONDICIÓN DE VECIÑO COMUNEIRO

ARTIGO 8.- Adquirirán o dereito e a condición de veciño comuneiro de inmediato, sen ningún prazo de espera, os membros de unidades familiares que se independicen e abran casa nalgúnha das entidades de poboación ás que pertence o monte.

ARTIGO 9.- O prazo de residencia previa para adquirir a condición de comuneiro, para os novos veciños instalados, será de un ano.

ARTIGO 10.- Quedará escusado do requisito anterior, quen viñese a habitar, por título de herданza, a casa do comuneiro falecido.

ARTIGO 11.- O veciño emigrado que retorna ó lugar, recupera de inmediato os seus dereitos, sempre que cumpra os requisitos inherentes á condición de veciño comuneiro.

ARTIGO 12.- As persoas que no futuro queiran ter a condición de veciño comuneiro, cos dereitos e obrigas inherentes á mesma, deberán solicitalo por escrito á Xunta Reitora, que deberá sometelo a Asemblea Xeral na primeira Xuntanza que se celebre, a cal resolverá cada caso segundo o establecido nos artigos anteriores.

CAPÍTULO IV

PERDA DA CONDICIÓN DE VECIÑO-COMUNEIRO

ARTIGO 13.- A condición de veciño-comuneiro pérdece polas seguintes circunstancias:

- a) Deixar de concorrer algunha das condicións determinantes de tal calidade.
- b) Falecemento.
- c) Renuncia voluntaria, aceptada pola asemblea xeral.
- d) Por decisión da Xunta Reitora, aprobada pola Asemblea Xeral, e por decisión da mayoría da asemblea ó facer uso dos bens comúns de maneira distinta á establecida polos órganos da comunidade, causar graves danos nos mesmos, impedir o uso dos demais comuneiros ou incumprir algunha obriga, sen prexuízo das demais responsabilidades a que houbera lugar.
- e) Por inasistencia reiterada as xuntanzas ou incumprimento grave das obrigas da comunidade.
- f) Polas causas previstas nas leis.

ARTIGO 14.- A Asemblea Xeral poderá suspender temporalmente todos os dereitos ou parte deles, por un período non superior a cinco anos, a todo veciño-comuneiro que non cumpra voluntariamente o estipulado nestes estatutos e os acordos da mesma.

ARTIGO 15.- A perda da condición de veciño-comuneiro non impedirá volver a recuperala cando conclúan as causas que a provocaron, e así sexa aprobado na asemblea xeral, non prexudicando ós herdeiros ou causantes que reúnan os requisitos para obtela.

ARTIGO 16.- A Xunta Reitora elaborará e conservará constantemente actualizado, coas altas e baixas que se produzcan, o libro-rexistro que conteña a relación de comuneiros do monte, consonte ás normas establecidas nos capítulos I, II e III.

A Asemblea Xeral poderá revisar en todo momento e deixar sen efecto as altas e baixas indebidas, de dita relación.

Ningún comuneiro dado de baixa poderá reclamar o reembolso das achegas feitas para a explotación do monte se houbera causado alta indebidamente.

ARTIGO 17.- O falecemento dun comuneiro transferirase de inmediato esta cualidade ao herdeiro que continúe habitando o mesmo lar do causante, e si foran varios ao cónxuge sobrevivo, a falta deste ao herdeiro que ostente a maior parte dos bens, ou no seu caso, ao de maior idade, salvo acordo entre os mesmos e comunicación a Xunta Reitora.

CAPÍTULO V

DEREITOS, OBRIGAS E CARGAS DOS COMUNEIROS

ARTIGO 18.- Todo comuneiro ten os seguintes dereitos:

- a) A ser convocado ás Asembleas Xerais Ordinarias e Extraordinarias, na forma establecida por la Lei de Montes Veciñais en Man Común e estes estatutos.
- b) Dereito a información d e todos aqueles datos relativos a marcha da comunidade, no enderezo do secretario ou de quen sexa depositario da documentación, así como formular os reparos que teña por convinte na deliberación dos órganos de goberno
- c) A ser elector e elixido para presidente ou membro da Xunta Reitora coas limitacións establecidas nestes estatutos.
- d) A participar nos beneficios que xere o monte, na forma que acorde a Asemblea Xeral ou prevista nestes estatutos.
- e) A participar con voz e voto nas Asembleas Xerais segundo o disposto nestes estatutos.
- f) Todos os demais que figuren na Lei e Regulamento de Montes Veciñais en Man Común e normas que os desenrolen.

ARTIGO 19.- Os gastos orixinados pola propiedade e explotación do monte deduciranse dos beneficios obtidos, se os houbese, e, noutro caso ratearanse entre os veciños.

ARTIGO 20.- Todos os comuneiros están obrigados a:

1º) Cumprir fielmente os preceptos da Lei e Regulamento de Montes Veciñais en Man Común, as normas destes estatutos e os acordos adoptados polos órganos da comunidade no ámbito das súas competencias.

2º) Efectuar as achegas obligatorias que fixe a Asemblea Xeral.

3º) Prestar a súa garantía, na proporción que fixe a Asemblea Xeral, ós créditos recadados para financiar as necesidades económicas da explotación do monte, salvo que renuncie ó aproveitamento correspondente.

4º) Respectar os acordos que a Asemblea Xeral adopte sobre a transformación e posta en marcha en relación cos aproveitamentos do monte.

5º) Desempeñar os cargos para os que sexan elixidos na comunidade.

6º) Asistir ás reunións para as que sexan convocados.

7º) Tomar as medidas necesarias para a xestión, explotación, protección e defensa do mesmo. Velar especialmente pola prevención e loita contra os incendios forestais en coordinación coa administración pública.

ARTIGO 21.- Cando se produza o ingreso dun comuneiro existindo débedas pendentes da comunidade sobre as melloras realizadas para o aproveitamento do monte, non poderá participar nos beneficios de tales inversíons ata que cubra coa súa achega a parte proporcional que lle corresponda, que estará actualizada de acordo co índice de prezos ó consumo global do tempo transcorrido, a non ser que a asemblea xeral estime outro criterio, todo isto segundo o proxecto de amortización aprobado.

Cos mesmos criterios reembolsarase, ó comuneiro que cause baixe voluntaria, á parte proporcional da súa contribución ó custe da transformación do monte, segundo o tempo de amortización calculado durante o cal deixe de participar no aproveitamento, agás o disposto no último parágrafo do artigo 16º.

ARTIGO 22.- Nos casos nos que a Asemblea Xeral estime necesario as prestacións persoais para acometer traballos no monte, tódolos veciños comuneiros estarán obrigados a realizaras, ben directamente ou por substitución mediante outra persoa. A Xunta Reitora poderá propor á Asemblea Xeral, en caso de imposibilidade, a compensación desta prestación por unha achega en metálico equivalente, así como a asunción no caso de negativa, a conta do cal será acordada en cada caso.

ARTIGO 23.- A Asemblea Xeral regulará en cada caso a forma e momento de facer efectivas as cargas económicas e as prestacións persoais.

CAPÍTULO VI

APROVEITAMENTOS E PARTICIPACIÓN NOS MESMOS

ARTIGO 24.- Todos os aproveitamentos e beneficios do monte pertencen exclusivamente ós veciños comuneiros, sen prexuízo dos compromisos que vinculen á propia comunidade con terceiros.

ARTIGO 25.- O aproveitamento e desfrute do monte realizarase, preferentemente, en réxime de explotación común.

ARTIGO 26.- As cotas mínimas de reinvestimentos en mellora e protección forestal do monte serán as seguintes:

- a) Do 40 % de todos os ingresos xerados.
- b) Do 100 % dos ingresos xerados a partir dos produtos resultantes de incendios forestais, pragas ou temporais.

Para o cálculo dos ingresos obtidos, haberá que contabilizar non só aqueles que proveñen dos aproveitamentos e servizos forestais senón tamén os derivados de actos de disposición voluntaria, os procedentes de expropiacións forzosas ou calquera outro ingreso de natureza extraordinaria.

Os ingresos sobrantes, unha vez aplicada a cota correspondente, poderanse inverter, no todo ou en parte, e de acordo ó que decida a asemblea xeral:

- a) Na adquisición de montes.
- b) Na posta en valor do monte vecinal desde o punto de vista social,

patrimonial, cultural e ambiental.

c) En obras ou en servizos comunitarios.

d) Na repartición, total ou parcial, en partes iguais entre todos os comuneiros.

ARTIGO 27.- O aproveitamento común de carácter directo (estrumes, leñas, extracción de materiais para uso propio, etc.) consistirá no desfrute xeral e simultáneo do monte polos comuneiros, xa sexa de forma individual ou colectiva.

A Asemblea Xeral poderá limitar ou condicionar o exercicio desta clase de aproveitamentos para facer posible a simultánea concorrencia por todos os comuneiros por igual e para conservar a capacidade agrolóxica do monte.

ARTIGO 28:

1º.- A comunidade veciñal, en Asemblea Xeral e pola maioría mínima que estableza a lexislación vixente en cada momento para actos desta natureza, poderá acordar que parte do monte poida aproveitarse de forma individual para uso gandeiro ou agrícola, mediante a distribución entre os veciños-comuneiros de lotes, sortes ou parcelas cedidos temporalmente a título oneroso ou gratuito e por períodos non superiores a once anos.

2º.- Finalizado o período de cesión; a comunidade poderá optar polo aproveitamento en común ou proceder a un novo reparto. Neste caso, os lotes que se entreguen ós comuneiros non poderán coincidir cos que aproveitaron no período anterior.

3º.- A comunidade veciñal propietaria coidará de que as parcelas cedidas estean adecuadamente cultivadas, adoptando medidas sancionadoras no caso de abandono do cultivo, e de que se poida atender a demanda de lotes por parte dos que adquiran a condición de comuneiro despois de feita a distribución.

ARTIGO 29.- A comunidade veciñal propietaria poderá establecer dereitos de superficie con destino a instalacións ou edificacións ata o prazo máximo de trinta anos, ou a cultivos agrícolas de dez anos, pasando a ela sen ningunha indemnización, ó caducar o dereito, a propiedade de todo o instalado, edificado ou plantado.

No caso de aproveitamentos forestais de arboredo, a comunidade non poderá concertar prazos superiores ós correspondentes a unha única

quenda da especie plantada, nin para outra clase de aproveitamento que o da corta da arboreda plantado.

Tamén poderá establecer a cesión temporal, de todo ou parte do monte, para obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servizos, ou outros fins que redunden de modo principal no beneficio directo da comunidade veciñal, xa sexan a título oneroso ou gratuito, precisando a aprobación da asemblea xeral, co voto favorable da porcentaxe mínima do censo de comuneiros que estableza a lei vixente en cada momento para este tipo de acordos.

CAPÍTULO VII

PLANS PARA O APROVEITAMENTO DO MONTE

ARTIGO 30.- O tipo de aproveitamentos e a elaboración dos proxectos correspondentes axustaranse ó establecido na lexislación vixente.

ARTIGO 31.- A comunidade poderá facultar, tras o acordo da asemblea xeral, á xunta reitora para que realice, no caso de interesar, as xestións necesarias a fin de mancomunarse coas comunidades doutras localidades, co obxecto de levar a cabo conjuntamente os proxectos de explotación dos mesmos ou para algúns dos seus aproveitamentos.

CAPÍTULO VIII

ÓRGANOS DE GOBIERNO E ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE

ARTIGO 32.- A Asemblea Xeral, da que forman parte todos os comuneiros, é o órgano supremo de expresión da vontade da comunidade veciñal.

ARTIGO 33:

1º.- A Xunta Reitora é o órgano de goberno, xestión e representación da comunidade, elixida por maioria simple en votación da asemblea. O presidente da xunta reitora ostentará a representación legal da comunidade.

2º.- Estará composta por:

- Presidente.
- Vicepresidente.
- Secretario.
- Tesoureiro.
- Catro vocais.

3º.- Todos os membros serán elixidos por un período de catro anos. A Xunta Reitora deberá estar composta en calquera caso por veciños comuneiros. A Asemblea Xeral poderá variar o número de vocais si o estimase convinte.

CAPÍTULO IX

A ASEMBLEA XERAL: CONVOCATORIA, TOMA DE DECISIÓN S E FUNCIÓN S

ARTIGO 34.- A Asemblea Xeral ordinaria convocarase, obligatoriamente unha vez ó ano e sempre dentro dos seis meses seguintes á data do peche do exercicio económico. Con carácter extraordinario, poderase convocar cantas veces se consideren necesarias por iniciativa da Xunta Reitora ou a petición dun mínimo do 20% dos comuneiros.

A Xunta Reitora, por petición do 20% dos veciños-comuneiros, convocará asemblea xeral extraordinaria, que se celebrará no prazo máximo de dous meses.

No suposto de que non se celebre, e por instancia dun mínimo do 20% dos veciños-comuneiros, reunirase a Asemblea Xeral para tomar os acordos oportunos, incluíndo a remoción da Xunta Reitora, sempre que se respecten as maiorías que marca a lei.

ARTIGO 35.- As convocatorias da Asemblea Xeral, tanto en reunión ordinaria como extraordinaria, serán efectuadas polo presidente da comunidade, mediante notificación escrita a todos os comuneiros, que se fará cunha antelación mínima de dez días, expresando o lugar, data e hora na que se celebrará tanto en primeira como en segunda convocatoria, o seu carácter de ordinaria ou extraordinaria, así como a orde do día dos asuntos a tratar, e estará exposta, durante o mesmo prazo, nos lugares de costume e no taboleiro de anuncios do concello.

ARTIGO 36.- A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando estean presentes ou representados más da

metade dos comuneiros, e, en segunda convocatoria, cando estean polo menos un 25% dos mesmos. Entre a primeira convocatoria e a segunda deberá transcorrer un mínimo de dúas horas.

ARTIGO 37.- Cada comuneiro poderá delegar a súa representación na Asemblea Xeral noutro comuneiro, sen que ningúén poida asumir máis dunha delegación.

En todo caso, a delegación deberá ser expresa para cada asemblea xeral e acreditada por escrito, e será presentada á Xunta Reitora antes de comenzar a asemblea.

ARTIGO 38.- Os acordos tomaranse pola mayoría simple dos asistentes, salvo nos casos nos que a lexislación vixente, ou estes estatutos, esixan un quórum especial, e obligarán a todos os veciños-comuneiros.

ARTIGO 39.- Do resultado da reunión levantarase acta no correspondente libro de actas, polo secretario da Xunta Reitora, na que deberá constar a decisión da mayoría respecto a cada un dos puntos da orde do día sometidos a votación, expresando o número de votos en contra. Cando algúun asistente quixera facer constar no acta a súa oposición, indicarase esta circunstancia citando o seu nome, apelidos e DNI.

Un extracto dos acordos aprobados, expoñerase nos lugares de costume e no taboleiro de anuncios de concello durante 15 días, a partir dos dous seguintes á asemblea.

ARTIGO 40.- Serán funcións da Asemblea Xeral da comunidade, decidir sobre:

1º) A aprobación, reforma ou revogación dos estatutos, así como os acordos referidos a actos de disposición.

2º) A elección do Presidente e membros da Xunta Reitora.

3º) A aceptación de novos comuneiros e a notificación de admisión provisional que fixera a xunta reitora, así como a baixa dos existentes.

4º) O establecemento de períodos de carencia e cotas de ingreso ós novos comuneiros, cando proceda.

5º) Decidir sobre a perda total ou parcial de dereitos por parte dalgún veciño-comuneiro.

6º) Entender calquera feito, causa o motivo de variación nos dereitos dos veciños-comuneiros aspirantes a tales, ou da relación dos mesmos.

7º) Dirimir as discordias entre comuneiros.

8º) Aprobar os presupostos anuais, inversión de remanentes líquidos, obras sociais, melloras comunitarias, créditos, convenios e as contas de cada exercicio.

9º) A aprobación de federacións, unións ou mancomunidades.

10º) Decidir o outorgamento de cesións, arrendamentos, proxectos de aproveitamento e modificacións dos mesmos, así como toda clase de contratos con terceiros.

11º) Aprobar a distribución de aproveitamentos, beneficios pecuniarios e cargas.

12º) Ratificar ou rectificar tódolos acordos e actuacións da Xunta Reitora.

13º) Acordar a suspensión temporal do desfrute polos comuneiros que quebranten as súas obrigas coa comunidade.

14º) Impoñer as sancións coa determinación da súa contía ós infractores das normas ditadas por estes estatutos, pola Asemblea Xeral ou pola Xunta Reitora.

15º) Decidir a interposición de accións xudiciais que se consideren necesarias para a defensa dos dereitos da comunidade, sen prexuízo das accións e defensas que polo seu carácter urgente decidira a Xunta Reitora.

16º) Autorizar á Xunta Reitora para o outorgamento de contratos.

17º) Realizar cantes actos sexan necesarios para a boa marcha da comunidade, a explotación do monte ou seus recursos, ou para a cesión, troco permuta ou adquisición de bens o dereitos que poidan variar o acervo patrimonial da comunidade.

18º) Tódolos demais que a Lei e o Regulamento de montes veciñais en man común ou estes estatutos lle confiran.

CAPÍTULO X

XUNTA REITORA : NOMEAMENTO E SUBSTITUCIÓN

ARTIGO 41.- Calquera veciño-comuneiro de pleno dereito pode ser membro da Xunta Reitora.

ARTIGO 42.- Os cargos da Xunta Reitora son honoríficos e gratuítos, sen prexuízo de que sexan compensados dos gastos que se lles ocasionen no desempeño dos mesmos, previa aprobación dun capítulo orzamentario para o efecto.

ARTIGO 43.- Os cargos electos da Xunta Reitora entenderanse que son irrenunciables, salvo dispensa da Asemblea Xeral, previa presentación polos elixidos de motivos que se consideren xustificados.

ARTIGO 44.- As persoas que desempeñen os cargos da Xunta Reitora, cesarán/dimitirán nos mesmos, sendo substituídos polos vocais suplentes, ou por outros elixidos pola asemblea xeral no caso de esgotados estes, nos seguintes casos:

1º) Deixar de ser comuneiro ou sufrir algunha limitación nos dereitos inherentes ó mesmo.

2º) Por falecemento ou padecemento de calquera limitación que dificulte ou impida o normal desempeño do cargo.

3º) Por renuncia expresa e xustificada admitida pola asemblea xeral.

4º) Por remoción en asemblea xeral extraordinaria.

ARTIGO 45.- O cese ou dimisión do Presidente da Xunta Reitora, suporá, automaticamente, tamén á do resto dos integrantes da mesma.

CAPÍTULO XI

CONVOCATORIA, TOMA DE DECISIÓN E FUNCIONES DA XUNTA REITORA

ARTIGO 46.- A Xunta Reitora constituirase validamente coa asistencia da maioría dos seus membros, e en todos los casos o Presidente, o Vicepresidente, ou a persoa en quen delegue por escrito o Presidente. Deberá reunirse, polo menos, unha vez cada seis meses, en sesión ordinaria,

e cando o dispoña o presidente ou o pida un terzo dos seus membros en sesión extraordinaria. Salvo no caso do Presidente, a asistencia dos restantes membros da Xunta Reitora as reunións será sempre persoal, sen que se admitan delegacións.

ARTIGO 47.- A convocatoria das reunións será realizada, polo vocal que actúe como secretario a cada un dos membros, con cinco días de antelación como mínimo, indicando data, hora e lugar, así como a orde do día dos asuntos a tratar, tanto para a primeira como para a segunda convocatoria.

ARTIGO 48.- As decisión adoptaranse por maioría simple, con voto de calidade, en caso de empate, para o presidente; e obrigarán a toda a Xunta Reitora.

ARTIGO 49.- Son funcións da Xunta Reitora entender sobre:

- 1º) A execución dos acordos da asemblea xeral.
- 2º) Os actos de administración ordinaria, incluído ter ó día os libros de actas e rexistro de veciños-comuneiros e de contas.
- 3º) Facer xestións e desembolsos de diñeiro ata os seis mil euros, dando cumprida e detallada conta de todo elo a Asemblea Xeral.
- 4º) A confección e presentación á Asemblea Xeral de balances, contas, orzamentos, presupostos, proxectos de aproveitamento e, en xeral, de propostas de todo tipo.
- 5º) A convocatoria das reunións da asemblea xeral.
- 6º) Tódolos asuntos que expresamente lle delegue a Asemblea Xeral.
- 7º) Tódolos aspectos que lle impón a Lei de montes veciñais en man común e o seu Regulamento.

ARTIGO 50.- O Presidente desempeñará a representación da comunidade para realizar os actos ou negocios acordados polos órganos de goberno no ámbito das súas competencias.

O Vicepresidente substituirá o presidente na súa ausencia e nos asuntos de representación, e auxiliará ao Presidente nos trámites da súa competencia.

ARTIGO 51.- O Secretario será encargado das citacións, actas, correspondencia, certificacións, libros de actas e censos de comuneiros, e en xeral da documentación da comunidade.

ARTIGO 52.- O Tesoureiro será o depositario dos caudais da comunidade, así como o responsable de controlar os recursos monetarios.

Para estes efectos, a comunidade vecinal disporá só dunha conta aberta nunha entidade bancaria ó seu nome, na que a disposición de fondos esixa a sinatura conxunta dos seguintes integrantes da xunta reitora: Presidente, Secretario e Interventor.

ARTIGO 53.- Os Vocais terán as funcións que lle encomende a Xunta Reitora. Prestarán una función colaboradora de tesourería e contabilidade, e na elaboración dos presupostos, velando pola puridade do reflexo dos ingresos e gastos, sen prexuízo do exposto no artigo anterior; podendo someter calquera xestión que deles se derive á Xunta Reitora, a cal poderá, si o considera convinte sometelo a súa vez a consideración da Asemblea Xeral.

CAPÍTULO XII

ELECCION DOS CARGOS DA XUNTA RECTORA/DAS ELECCIONS

ARTIGO 54.- Confeccionada a lista provisional de veciños comuneiros, e elaborado o proceso de estatutos, a Xunta provisional convocará a comunidade cunha orde do día na que necesariamente deberán figurar:

- a) A aprobación da lista definitiva de veciños comuneiros.
- b) A aprobación, se é o caso, dos Estatutos.
- c) O nomeamento da Xunta Reitora.

ARTIGO 55.- Para as demais eleccións una vez rematado o mandato da anterior Xunta Reitora o Presidente da Comunidade convocará a Asemblea Xeral co fin de:

- a) Convocar eleccións para elixir os membros que componen a Xunta Reitora.
- b) Sinalar o lugar, día e hora para a celebración da Asemblea Xeral para tal elección.

c) Designar entre os comuneiros para compoñer a mesa electoral, ó Presidente da mesma, o Secretario e dous vocais así coma catro suplentes, e sucesiva aceptación dos designados para o desempeño do cargo.

ARTIGO 56.- A designación efectuada e a aceptación manifestada para o desempeño de tal cometido, é renunciable por imposibilidade ou causa de necesidade xustificada, sempre que tal renuncia se efectúe cando menos de dez días de antelación, á celebración da Asemblea Xeral para efectuar a elección, presentándoa por escrito dirixido ó Presidente da Comunidade, no que acreditaranse os extremos de imposibilidade ou causa de necesidade; o cal comunicara a os primeiros dos suplentes, a designación para o cargo na mesa, e así sucesivamente.

ARTIGO 57.- A Asemblea para elección da Xunta Reitora convocarase cando a menos con 30 días de antelación.

ARTIGO 58.- As distintas candidaturas depositaranse para súa formalización ante a Secretaría da Xunta Reitora, presentada por calquera dos componentes do escrito, no que figurará a composición da mesma e os cargos a que cada un aspire, dentro dos vinte días seguintes a data da convocatoria para a celebración da Asemblea Xeral para a elección da Xunta Reitora prevista no artigo anterior, rematando o prazo as 24 horas do vixésimo día.

ARTIGO 59.- As candidaturas que pugnen por ocupar os distintos cargos da Xunta Reitora poderán designar cada una delas un Interventor na mesa electoral, que non sexa candidato a ningún cargo, para que fiscalice a claridade das eleccións.

ARTIGO 60.- Calquera incidente ou recurso que se presente durante a celebración das eleccións reflexarase na acta polo Secretario da mesa, e resloverase na Asemblea Xeral que se celebrará a continuación do escrutinio e reconto de votos, procedendo a Asemblea Xeral a resolver sobre os mesmos. Tal acordo poderá ser impugnado de conformidade co disposto no artigo 66 e seguintes do capítulo destinado a impugnación dos acordos e accións dos órganos de goberno destes Estatutos. Ata que se produza a resolución da referida impugnación, a candidatura que obtivese mais votos, e por tanto gañase as eleccións, exercerá as funcións propias dos cargos que a integran, asumindo o goberno e administración da comunidade.

CAPÍTULO XIII

RESPONSABILIDADES DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

ARTIGO 61.- A Asemblea Xeral será responsable da boa marcha da comunidade e do cumprimento das súas obrigas, dos presentes estatutos, e do establecido na lexislación vixente.

ARTIGO 62.- A Xunta Reitora será responsable perante a Asemblea Xeral do fiel cumprimento das funcións que lle encomenda a Lei de montes veciñais en man común e o seu Regulamento, así como as sinaladas nestes estatutos e de todas aquellas que lle encomende a asemblea xeral.

ARTIGO 63.- Os membros da Xunta Reitora responderán dos danos e prexuízos que ocasionen á comunidade, tanto por dolo, como por culpa ou neglixencia no cumprimento da súa misión.

ARTIGO 64.- A responsabilidade da Xunta Reitora será colexiada, a non ser que algúñ dos seus membros traspase os límites das facultades que lle foran conferidas e actúe a nivel persoal con terceiras persoas, caso en que se lle esixirá responsabilidade individual.

ARTIGO. 65.- No previsto sobre responsabilidades dos membros da xunta reitora aplicaranse as disposicións do Código Civil relativas ó mandato non retribuído.

CAPÍTULO XIV

IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

ARTIGO 66.- Os acordos da Asemblea Xeral contrarios á lexislación vixente, os que infrinxan os presentes estatutos e os non adecuados ós intereses xerais da propia comunidade, poderán ser recurridos por calquera veciño-comuneiro no prazo de quince días a contar dende a data inicial da súa exposición o publicación no taboleiro de anuncios do Concello; o referido recurso deberá ser resolto pola Asemblea no prazo dos trinta días seguintes a súa presentación, e tal resolución poderá ser impugnada perante os tribunais ordinarios dentro dos dous meses seguintes.

Os recursos interpostos polos comuneiros deberán conter a invocación do precepto infrinxido, e tramitaranse conforme a lei de procedemento administrativo.

ARTIGO 67.- Si se trata de acordos da Xunta Reitora que adoezan dos mesmos defectos sinalados no artigo anterior, poderán ser impugnados polos que se consideren prexudicados, por escrito interposto ante a mesma, no termo de quince días da súa publicación ou coñecemento por parte da comunidade.

A Xunta Reitora convocará Asemblea Xeral para a oportuna resolución da impugnación, e o acordo adoptado por esta última poderá ser recorrido na forma prevista no artigo anterior.

ARTIGO 68.- A Asemblea poderá revogar calquera acordo adoptado pola mesma e pola Xunta Reitora.

Cando tales acordos fosen contrarios á lexislación vixente, ós presentes estatutos ou infrinxan a lexislación xeral, poderán ser suspendidos polo Presidente, ben a iniciativa propia, ben cando o solicite calquera dos membros da Xunta Reitora ou o 20% dos veciños-comuneiros.

Se tales acordos fosen ratificados pola Asemblea Xeral reunida ao efecto, poderán ser executados, sen prexuízo da responsabilidade na que incorra a propia comunidade se se ordenase a súa revogación pola xurisdición competente.

CAPÍTULO XV

SANCIÓNS

ARTIGO 69.- Calquera incumprimento dos presentes estatutos será notificado pola Xunta Reitora á Asemblea Xeral e proposto para sanción económica ou de perda, suspensión temporal ou redución do aproveitamento correspondente, que deberán ser aprobados na súa contía e grao, para cada caso, pola Asemblea Xeral.

CAPÍTULO XVI

EXTINCIÓN DA COMUNIDADE

ARTIGO 70.- A comunidade extinguírase por calquera das seguintes causas:

- 1º) Por disposición legal que así o ordenase.
- 2º) Por renuncia de todos los comuneiros.
- 3º) Por perda da propiedade do monte, calquera que sexa a súa causa.
- 4º) Por deixar de existir veciños nas entidades de poboación que constitúen a comunidade.

ARTIGO 71.- Unha vez extinguida a comunidade procederase á súa liquidación pola Xunta Reitora, salvo que a Asemblea Xeral acorde o nomeamento de liquidadores especiais. A Asemblea Xeral poderá nomear os interventores que considere conveniente.

O destino dos bens será o que marque a lexislación vixente no momento.

ARTIGO 72.- No suposto de deixar de pertencerlle o monte á comunidade e ser substituída por outros bens, continuará a existencia da mesma para a explotación dos novos bens, se existise, e como titular do eventual dereito de reversión no caso de expropiación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira.- No cumprimento do disposto no artigo 18 da vixente Lei de montes veciñais en man común, estes estatutos serán aprobados pola Asemblea Xeral, requirindo a convocatoria expresa e o voto favorable da mayoría dos presentes que represente polo menos o 50% do censo de comuneiros en primeira convocatoria e o 30% en segunda.

Segunda.- Dos presentes estatutos, logo da súa remisión á Sección Provincial de Pontevedra do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común, e tras a súa inscrición no mesmo, segundo constará na dilixencia

que o antedito rexistro practicará nos mesmos, a Xunta Reitora facilitará unha copia a cada veciño-comuneiro que así o solicite.

DISPOSICIÓN FINAIS

1º.- Os presentes estatutos entrarán en vigor e serán de obrigado cumprimento ao día seguinte da súa aprobación pola Asemblea Xeral de comuneiros, e derrogan calquera outra norma de data anterior, que quedará sen efecto algúin.

2º.- O quórum e as porcentaxes que rexeran para a toma de acordos pola Asemblea Xeral e a Xunta Reitora, mentres non se teñan especificado particularmente no articulado destes estatutos, serán:

a) Para os acordos de aprobación, reforma ou revogación de estatutos, así como os referidos a actos de disposición, voto favorable da maioria dos presentes que represente ó menos o 50% do censo de comuneiros en primeira convocatoria, e ó 30% dos mesmos en segunda.

b) Para a aprobación da xestión, aproveitamentos e actos de administración xeral, a maioria simple dos presentes, tanto en primeira como en segunda convocatoria.

3º.- No non previsto nos presentes estatutos rexerá a lexislación vixente en cada momento.

O Presidente.

O Secretario.